



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 11-16 de 20/09/2016

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 11/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío  
Data: 20.09.2016  
Hoja de convocatoria: 20.00 h.  
Hora de comezo: 20.00 h.  
Hora de remate: 21:40 h.

### ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde.
- D. Juan Antonio González Rodríguez
- Dna. Iria Lamas Salgueiro
- ~~D. Fernando Guitián Guitián~~
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida. Incorporase a sesión no punto 5.
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Xosé Antonio Araújo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
- D. Xosé Antón Araújo Rodríguez
- D. Manuel Gómez González
- D. Javier Gregores Méndez
- Dna. Beatriz Fernández Alonso
- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

### SECRETARIO

- Pablo Portela Fernández

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20.00 horas do 20 de setembro de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación das actas co núm. 9/16 e 10/16 de datas 07/07/2016 e 30/08/2016.
2. Fixación dos Festivos Locais correspondentes ao ano 2017.
3. Designación dos dous representantes da Asemblea da Área Metropolitana de Vigo.
4. Aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora da Participación Cidadá.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

5. Indemnización a membros de Órganos Colexiados por razón de servizo.
6. Fiscalización e control dos órganos de Goberno:
  - a. Dar conta do informe de Intervención, Execución Trimestral EELL 2º trimestre 2016.
  - b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo VI,VII e VIII 2016.
  - c. Dar conta da Información periódica a remitir ao Pleno da Corporación por parte do Departamento de Intervención.
  - d. Comunicación de Alcaldía sobre modificación da composición das comisións informativas permanentes.
  - e. Comunicación da Alcaldía da modificación do decreto da delegación especial servizo educación.
7. Mocións.
8. Rogos e preguntas.

**1. Aprobación das actas anteriores números 9/16 e 10/16 de datas 07/07/2016 e 30/08/2016.**

Pola Presidencia dáse conta das actas indicadas no encabezamento deste punto.

O alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere formular algunha observación a estas actas.

D. Juan González manifesta que na acta 10/16 figura como asistente D. Alberto Covelo Casal, concelleiro do Grupo Municipal Manifesto Miñor e non debería figurar.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr.Alcalde somete estas actas a votación ordinaria co seguinte resultado.

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar as actas das sesións n.º 9/16 de data 07/07/2016, e n.º 10/16 de data 30/08/16 coa rectificación anterior.**

**2. Fixación dos Festivos Locais correspondentes ao ano 2017.**

Pola Presidencia informase de que os festivos locais quedan fixados de acordo á convocatoria da Xunta de Voceiros por acordo de todos os asistentes, nas datas; día de San Bieito, día 11 de xullo e día 16 de agosto, día de San Roque.

*Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura do ditame da Comisión de Asuntos de Pleno de data 16.09.2016, que literalmente di:*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

"Vista a proposta de Alcaldía de data 02.09.2016, que literalmente di:

*Pola presente propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:*

- 1) *Fixar como festivos locais correspondentes ao ano 2017 co obxecto de determinar o calendario laboral correspondente a dito ano os días 11 de xullo e 16 de agosto, San Benito e San Roque respectivamente.*
- 2) *Notificar o seguinte acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social antes do 30 de setembro de 2016,*

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

***O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 13 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal do PP, 3 do Grupo Municipal M.M. e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 3 abstencións: do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; e ningún voto en contra, acorda aprobar a proposta arriba transcrita.***

Pola Presidencia se xustifica a ausencia de dous concelleiros do Partido Popular, un deles por motivo de enfermidade e a Concelleira Natalia Salgueiro que se incorporará tan pronto poida xa que por motivos laborais non puido chegar a tempo.

#### **3. Designación dos dous representantes da Asemblea da Área Metropolitana de Vigo.**

*Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura do ditame da Comisión de Asuntos de Pleno de data 16.09.2016, que literalmente di:*

*"Vista a proposta de Alcaldía de data 13.09.2016, que literalmente di:*

*Propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:*

*- Nomear como representante deste Concello na Asemblea que elixa ao Presidente da Área Metropolitana de Vigo ao alcalde, como membro nato, e á concelleira Nuria Lameiro Valverde.*

#### **DELIBERACIÓN**

**Sr. Alcalde:** Como ben saben vostedes, temos que nomear a dous representantes para a Área Metropolitana de Vigo recentemente constituídos os seus órganos de Goberno. Ao Concello de Gondomar, segundo o reparto legislativo correspóndelle dous representantes, o alcalde como membro nato e un representante máis do partido ou da lista máis votada. Iso é o que entendemos nos como Goberno e tamén así o recolle o informe do Secretario Municipal que se lle requiriu a tal efecto. Quero tamén facer a advertencia que o informe do Secretario Municipal non está asinado polo mesmo, por motivo de que se foi de vacacións, e pensamos que estaba asinado e non. Non é preceptivo este informe como ben saben, non require de maioría absoluta, pero aínda así doulle a palabra ao Secretario para que se ratifique do contido integralmente do seu informe, a pesares de non estar asinado por el, e que faga pública a súa



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

ratificación se a considera, pero ante todos nos, para que así sexa recollido na acta de este Pleno.

O Secretario: Efectivamente o informe quedou sen firmar porque o derradeiro día, o informe foi feito o derradeiro día antes de saír de vacacións, a tramitación administrativa quedou sen asinar, aínda así o contido do informe o ratifico e subscribo enteiramente o que contén o informe.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Secretario. ¿Intervencións ao respecto? Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Moitas grazas Sr. Presidente. Moi boas tardes a todos e a todas. Como saben vostedes o compañeiro Jesús Salgueiro, hoxe está enfermo na cama, e antes por cuestión de orde unha cuestión de orde, hai dúas actas anteriores, votamos unha ou votamos dúas, non o sei.

Sr. Alcalde: Hai dúas si, había unha corrección dunha delas a 10/16.

Sr. Guitián: Como sempre se votaban de unha en unha, por iso o pregunto. Bueno imos ver, en canto a este tema, nos (...) temos un pleno nuns días, o 6 de outubro senón me lembro mal a ~~semana que ven, faltan uns días, e nos non o vemos claro este informe, que me desculpe o~~ Secretario que non é por el, non é un tema persoal, pero eu non podo compartir ese informe. En principio, eu solicitei á Xunta a través da administración local que nos digan como se deberían nomear os Concelleiros Metropolitanos, en principio verbalmente me din que non é como me están dicindo aquí pero creo que sería bo que o Concello tivera, non so porque o diga eu, senón porque eu o solicite, porque o solicite o propio Concello, sería bo ter un informe de a Xunta de Galicia, neste caso da Consellería da Vicepresidencia, Presidencia e da Dirección Xeral da Administración Local para ver exactamente como se deben nomear os Concelleiros da Área Metropolitana. Por outra banda de ser así e ter ese informe claro, é que digamos de máis potencia si queremos o propio informe do Secretario, pois bueno nos evidentemente non imos votar en contra de algo que está perfectamente subscrito por todos. De non facerse isto expoñerei pois porque estamos en contra.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Guitián, si Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Boas tardes a todos e a todas. Imos ver, nos neste punto da representación neste caso da Área Metropolitana cando ao inicio desta lexislatura, cando se fixeron as reparticións do (...) outro na Comunidade de Valmiñor, nos estivemos en desacordo total porque se nos referimos a Mancomunidade do Val Miñor, cando estivemos aquí, o expediente dicía que segundo os resultados acadados nas eleccións de maio, ¿non?, e aquí non se rexeu por iso. Nos, o noso grupo, e aí teñen representación catro grupos políticos e o grupo político que quedou (...), nos temos máis votos que un grupo político que ten representación na Mancomunidade de Val Miñor e nos nese día, xa non estabamos de acordo, e bueno non estabamos de acordo alí, non imos estar de acordo en ningunha pese aos representantes que poñan mentres non se solucione nin lle dean solución e se tomen pois as medidas que se tomaron toda a vida en toda a historia do Concello de Gondomar, segundo a representación e segundo os votos acadados cada grupo que teñan a representación que se merecen ou que lles toque. Vostede Sr. Alcalde naquel momento o fixo pasando do tema e poñendo na Mancomunidade do Val Miñor a quen quixo e non a nos que nos tocaba neste caso, polo cal nos aquí non imos entrar en valoracións, é un tema que, dicindo a verdade, e nestas palabras concretas pasamos totalmente, e nos arránxeno ou non o arranxan, díganos un informe dirixido ao presidente ou de quen sexa, tampouco lle íamos votar en contra, pero imonos a abster neste tema. E dígolle por favor que o tema, que recapacite, e o tema da Mancomunidade de Val Miñor que nos toca a Iniciativa por Gondomar (...) Nada máis.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez. ¿Algunha intervención máis? Si non hai máis intervencións voulle contestar ao Sr. Guitián, desto falamos ademais persoalmente e por suposto que nos non queremos unha representación que non nos estea dada por lei e, obviamente, o escrito que mandan do Concello de Vigo e da Área Metropolitana di que Gondomar ten dous representantes e a designación realizarase observando o procedemento previsto na Disposición Transitoria Segunda da Lei 4/2012 que advirte que bueno que isto ao final se ven a regular polo artigo 6 da mesma Lei. Entón nos remiten a dous artigos dese texto legal que de principio non había que ser un gran entendido para saber que é o que pon. Ben é certo que se coñecemos que dentro do que é o léxico xurídico moitas veces hai interpretacións, por iso eu aparte a pesares de que non era preceptivo un informe do secretario, así llo pedín, para que informara e di que está claro non e que corresponde tal e como se trae aquí, que é o partido socialista o segundo representante, o primeiro é membro nato. Tamén fixen consultas a modo particular con outros alcaldes de outros concellos similares e temos, temos un exemplo claro que é o Concello de Baiona que por número de habitantes ten a mesma representación que Gondomar que son dous e curiosamente ten un alcalde do partido Popular e ten unha lista máis votada que é do Partido Popular o cal leva a que se faga deste xeito, non o seu, eu dende logo actúo con coherencia co cumprimento estrito da Lei, cos informes técnicos dos nosos asesores xurídicos municipais que ademais actúan con plena arbitrariedade política e cremos ~~que estamos convencidos porque así se argumenta no propio expediente que a representación~~ recae que o segundo representante recae, na lista máis votada que é o Partido Socialista, 300 votos máis que o Partido Popular. Por tanto imolo facer así sen prexuízo Sr. Guitián Voceiro do Partido Popular e os demais grupos, de que obviamente si creen que están no uso da razón que fagan as súas alegacións ou que interpoñan os recursos que crean oportunos, e teñan por seguro que si hai que rectificar rectificamos, e tamén se houbera a máis mínima dúbida de que isto estivera mal exposto, deixaríao enriba da mesa pero non o está e ademais os prazos son os que son. Tíñamos trinta días para facer o nomeamento dos representantes unha vez aprobada a lei, estamos cos prazos xustos o cal tampouco nos permite ese marxe de manobra para poder traer isto a outubro. Imos a facelo así, esa é a decisión deste Goberno sen prexuízo do resultado que dimane deste Plenario e non me queda outra que dicirlles que respecto as opinións de todos, pero que en último caso, atenderemos a ulteriores recursos ou alegacións que poida haber neste senso. Ao Sr. Gómez tamén lle quero dicir que agradecemos que vostede se absteña neste punto e que non vote en contra e que se quede ao marxe, porque ao final está quedándose ao marxe do debate político, pero cumprindo a legalidade coma é o caso ¿non?. Tamén é certo que as súas verbas ao respecto da representación da Área Metropolitana do Val Miñor fanme reflexionar e xa lle digo de antemán que mañá mesmo vou a pedir un informe ao secretario municipal para que informe sobre ese termo porque creo que é xusto e de xustiza que si se pide para unha cousa, cando verdadeiramente sae favorecido quen lle fala, tamén é xusto pedir un informe para que neste caso saia favorecido quen teña que saír favorecido, coa lei na man. Entón si verdadeiramente a representación do Val Miñor recae sobre o partido político IXG segundo o número de votos e o resultado das eleccións acadados do 2015, teña por seguro que no próximo Pleno haberá unha representación de IXG na Mancomunidade do Val Miñor e será sometida a votación e a debate, e si procede, de por feito que esa representación vai a ser súa no próximo Pleno do 6 de outubro. Grazas, ¿Sr Guitián, si? Ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Si, Grazas, bueno é para entón solicitar, non por outra cousa, eu vou a interceptar o propio informe de secretaría, (...) e insisto, isto é unha cuestión técnica, obviamente isto é unha interpretación (...) (...) non é unha cuestión política. Ben, di aquí que se ordenarán de maior a menor nunha columna as cifras de Concelleiros, Concelleiras segundo as votacións obtidas nas eleccións, se dividen segundo a Lei d'Hondt en un, dous e así sucesivamente, e di os Concelleiros e Concelleiras (...) se atribúen ás candidaturas que obteñan, cocientes maiores, é dicir, como nos temos dous concelleiros metropolitanos os maiores cocientes son a maior número de votos que están no PSOE, que ten 1900 e pico, un Concelleiro, segundo o



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

PP que ten case 1600 e pico, segundo concelleiro, iso eu entendo que di o sistema d'Hondt, logo di, ou abreviando, cando a persoa titular da Alcaldía, que é membro nato, é dicir podía non estar en estes dous, o alcalde, pertenza a un grupo municipal con representación, segundo esta maneira de facer, será un deses Concelleiros, e ata aí, logo se o alcalde non fora, que é membro nato, non estivera nestes dous grupos, si que tería representación, entón ao seguinte Concelleiro lle tocaría o primeiro da lista máis votada que sería a do PSOE. É dicir, tal e coma eu interpreto que toca un concelleiro ao PSOE, vostede o ten porque é o Alcalde e outro ao PP. No caso, que é o que entendo eu que se di no escrito da Lei, que o alcalde fora un de (...) Manifesto Miñor ou de Cabe sería (...) e o seguinte sería do PSOE, iso é como eu o entendo. É a interpretación que eu fago, discrepo, e así eu veño a explicarllo que non é un tema persoal, todo o contrario (...) saber da interpretación que eu fago, eu a miña consulta coincide o que eu digo coa consulta que fago, por iso lle pedía que o deixara enriba da mesa, que pedira unha segunda opinión (...) e o feito de que o faga (...) bueno si é así eu entendo que tampouco está obrando correctamente pero bueno, e iso é a explicación de que en principio este grupo vote en contra, senón para nada votaríamos en contra porque nos parecería que (...) nos toque a nos ou non nos toque (...) nada máis. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Guitián, non lle quito razón, nin tampouco lla podo dar por moito que queira, son interpretacións xurídicas. Sabe que ao final as leis, moitas veces son interpretables, senón non terían razón de ser moitos litixios que hai. Eu entendo que ao ser dous representantes se fai desta maneira, tamén o entende o Secretario Municipal que é a persoa como vostede sabe xurista do concello, e tamén e certo que esta formulación, esta nova e esta intención de representación neste Plenario xa o coñecen vostedes dende hai días, o cal incluso vostedes tiveron tempo para aportar un informe. A xunta neste caso pois non debería de ser susceptible de retrasar o informe si vostede llo pide, ¿non?, porque ao final o director de administración local, bueno, é do mesmo partido, é achegado..., podería facelo. Eu tamén xa llo digo, fixen as miñas consultas e todo apunta a isto, pero bueno tampouco pasa nada, si por motivos de... créame que si tivéramos prazo para deixalo enriba da mesa e traelo a un Pleno posterior se faría porque non pasa nada, pero xustamente nos daban un prazo de trinta días e estamos aí, non podemos, nolo piden, temos que remitir esta documentación coa representación que agora mesmo creemos que toca. Si vostede argumenta ou presenta calquera tipo de informe e demais que avale o contrario sen ningún motivo e ningunha acritude pois para o próximo Pleno do día 6 se fai a rectificación, se nomea a quen lle corresponda legalmente e non pasaría nada pero permítame que non o deixe quedar enriba da mesa por iso porque creo que hai argumentos sólidos ademais de os de peso xurídico e técnico para facer esta interpretación que non é subxectiva, é unha interpretación incluso obxectiva tanto por parte da Lei como do Secretario.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

***O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 7 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE e 3 do Grupo Municipal M.M.; 3 votos en contra: do Grupo Municipal do PP; e 6 abstencións: do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto e do Grupo Municipal I.X.G., acorda aprobar a proposta arriba transcrita.***

#### **4. Aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora da Participación Cidadá.**

*Polo concelleiro Antón Araúxo Rodríguez dáse lectura do ditame da Comisión de Asuntos de Pleno de data 16.09.2016, que literalmente di:*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

## APROBACION INICIAL DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

### CONSIDERACIONS LEGAIS

- Lei 7/85, de 02/04, reguladora das bases de réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/86, de 18/04, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real decreto 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Xurisprudencia comunitaria.

O obxecto deste regulamento é habilitar os canais máis axeitados para o exercicio dos dereitos proclamados e recoñecidos na Constitución.

Este regulamento de participación cidadá revela o compromiso deste Concello ante os seus cidadáns e cidadás para fomentar a participación democrática e a transparencia nos asuntos públicos locais, de acordo co ordenamento constitucional e conforme aos principios que inspiran a Carta Europea de Salvagarda dos Dereitos Humanos ás cidades. Este compromiso municipal orienta a vontade de crear e consolidar un sistema de participación adecuado á democracia local que reforce o dereito constitucional á participación nos asuntos públicos proclamado no artigo 23 da Constitución.

Por todo isto, este concelleiro propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o Regulamento municipal de Participación Cidadá
2. Someter o devandito regulamento municipal a información pública polo prazo de trinta (30) días mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. e no Taboleiro de anuncios do concello para a presentación de suxestións e reclamacións. No suposto de non presentación de reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado procedéndose á publicación do texto íntegro do mesmo no B.O.P. e no Taboleiro de anuncios do Concello”

### DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Concelleiro. ¿Intervencións? Sra. Durán, ten vostede a palabra.

Sra. Durán: Si, grazas Sr. Alcalde. Moi boas tardes a todas e a todos. Con respecto a esta proposta que nos traen hoxe aquí para a aprobación inicial do Regulamento de Participación Cidadá, quería manifestar, que dadas as declaracións que saíron tamén nos medios de comunicación por parte do Concelleiro responsable dicindo que (...) o Partido Popular tivemos unha xuntanza onde fixemos unha serie de achegas, bueno, comentamos un pouco aspectos deste borrador porque era un borrador do Regulamento que non compartíamos ou que considerábamos que había que revisar e sorpréndeme que o Concelleiro manifestara que se (...) todas por tanto era o que estaba agora mesmo matizando eu aquí, tendo o borrador diante e o texto do Regulamento que consta no expediente, dicirlle, bueno dicirlle primeiro que os únicos cambios que fixo das nosas propostas están nos artigos 45 onde se modificaron o apartado a) recibir no seu enderezo social comunicado por calquera medio dispoñible e (...) isto e no artigo 48 no que se ampliou o prazo e bueno pois certos cargos, o apartado tres se



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

modificou totalmente que nos parece mais acorde pero queremos este grupo quere deixar constancia de que fixemos outro tipo de (...) pero si un pouco de medidas nos creemos que poderían mellorar isto, por exemplo no artigo 4, eu xa lle preguntei, e estaba acompañada pola Sra. Salgueiro nesa xuntanza, no artigo 4 se fala que nas dependencias da casa do Concello que se ía crear unha oficina de información e bueno pois eu preguntaba si xa estaba estudado si xa estaba consensuado e pois que oficina ía a facer, os funcionarios e demais, pois saber, porque como creo que o rexistro eu sei practicamente que non está moi sobrado de tempo libre e sempre está abarrotado porque creo que queda moi bonito, con motivo do regulamento, que vaia a haber unha oficina de información directa a estes veciños e veciñas ou as asociacións que veñan para que se lles dea pois toda a información sobre as instancias, iniciativas a presentar, as queixas, reclamacións, pero si se tiña xa claro que persoal se ía encargar de iso, considerábase que era un punto a tratar para que estivese digamos que aparte de que (...) todo (...) Corporación pero cando menos que certos puntos que lle afectan ao Goberno pois que esas cousas as teñan presentes, cousas que afecten ao funcionariado pois que estean xa tratadas e por tanto que teñan claro, primeiro qué departamento e qué persoas se van a encargar de este tema. No artigo 5 facíamos pois nosa achega dicindo pois que el precisamente dicía que este o apartado e) *pois puideran os cidadáns formular alegacións e proporcionar documentos en calquera fase do procedemento no que teñan a condición de interesados anterior ao trámite de audiencia* é dicir bueno imos a analizar a Lei de procedemento administrativo e vemos si isto contradí ou on contradí, si este apartado está exactamente igual, nin tampouco se nos deu explicacións, polo menos a este grupo de que se ía a entender con isto, nos discrepamos con ese punto. No artigo 15 se di que *os membros do Consello de Relacións Veciñais serán designados polo Pleno do Concello* e tamén manifestábase pois un pouco a nosa (...) dado que no artigo 14 están definidos quen conforman eses Consellos Veciñais que aparecen representacións de asociacións veciñais entón eu dicía vai ao Pleno, os políticos imos designar nos a estes, aínda que sexa unha proposta que veña das asociacións veciñais, si o decide ao final a Corporación Municipal vaise, vai ser un Pleno quen decida pois eses catro nomes que ten a asociación ¿a quén eliximos nos? Despois, bueno tamén tiñamos no artigo 17, preguntábase eses informes que pode facer o Consello de Relacións Veciñais, pois bueno si eran vinculantes, si non eran vinculantes, porque si as persoas que forman parte de eses Consellos pois si son técnicos nalgunha materia en concreto bueno que tiñamos un pouco de dúbidas ao respecto, ¿vale?. Artigo 19, apartado d) dixemos que o Consello Económico e Social mantéña as (...) en que poda pronunciarse sobre a instalación no termo municipal de grandes equipamentos, infraestruturas e dicíamos aquí, vai ser vinculante ou non este pronunciamento que fagan pois este Consello Económico Social. No artigo 20, e aí si que no correo electrónico que cando vostede nos reenviou que estaba este borrador inicial modificado, escribiu, non sei si tiñan acceso todos os membros da Corporación, si soamente ía a min ao meu correo, e cando lle preguntábase que eses dous Concelleiros, pola redacción que ten, dous Concelleiros, unha en representación de cada un dos restantes grupos municipais representados na Corporación, vostede nese correo electrónico o que nos di, si, a interpretación mais correcta debe de ser que son dous por cada, e eu o que lle pido é que o deixe claro na redacción porque esa redacción de que en representación de cada un dos restantes grupos municipais a min non me queda o suficientemente claro e bueno pois é un punto que me gustaría que o comentase, despois habería pois dúbidas sobre o tema das porcentaxes, que si (...) son quince pero bueno, creo que con isto é suficiente. Non sei cal é a idea (...) que vai a coller o Concelleiro, si realmente estes temas os vai a tratar ou os vai a pasar de consensuar e bueno pois tamén cofecer un pouco si aquí os restantes grupos da corporación pois que (...).

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Durán, Sr. Concelleiro ten vostede a palabra.

Sr. Xosé Antón Araújo: Imos ver, si o que pretenden vostedes (...) si é unha variación (...) si se aproba, vai a haber todo tipo de achegas que se van ter en conta, iso sen dúbida, en canto ao



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

persoal que di vostede, precisamente o mellor é (...) para despois poder designar persoal, non vale agora (...) asignar persoal senón o acordas previamente, o dicía nese senso, sabendo que é unha aprobación inicial (...) si algo lle quedou atrás ou ten algo que modificar, mal será que collendo (...)

Sr. Alcalde: Si, ¿Sra. Durán?

Sra. Durán: Si, simplemente dicir ao Sr. Concelleiro, cambiou vostede a orde pero dígolle ¿ten vostede persoal dispoñible? Igual na miña exposición, iso a ónde ía a ir, si existe ou non existe ese persoal que estea dispoñible para esa función que non deixa de ser unha oficina, un novo rexistro, unha oficina pública que por tanto pode ter igual pois bastante, bastante traballo de (...) simplemente era iso. (...) alegación, presentaremos as nosas (...)

Sr. Xosé Antón Araújo: Bueno, dicirle que igual se está implementando a administración electrónica neste momento no Concello co cal pois se vai eliminar bastante traballo do persoal de rexistro co cal é posible que o mesmo persoal de rexistro que poda combinar (...) ¿de acordo?

Sr. Alcalde: Grazas, ¿intervencións? Sr. Gómez ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: ~~Imos ver, este é un punto que xa falei algún día, importante, isto vai cambiar o sistema do funcionamento do que é o Plenario de Gondomar totalmente ¿non?~~ Neste Concello ou nos concellos onde se leve, é un tema importante, nos para nada estamos en contra de que participen cidadáns, todo o mundo en tanto teñan a posibilidade de participar ¿qué pasa? que aquí estamos nun tema, que eu penso que está un pouquiño verde ou mal. Si que tivemos algunha xuntanza, se fixeron achegas por algúns grupos, dicía a Concelleira a Sra. Durán pero bueno tampouco se colleron, o outro día falabamos na celebración da Comisión Informativa do Pleno e tampouco se colleron, nun principio parecía que non se habían collido, pero segundo di aquí o concelleiro si que se colleron algunhas cousas. Eu penso que está pouco, que non está maduro de todo, e que sería necesario consensualo un pouquiño mais co resto dos grupos políticos pero bueno de todas formas isto é unha aprobación inicial tamén pero agora lle comentaba aí a Concelleira a Sra. Durán sobre o persoal, que ao mellor pois en rexistro unha vez esta xente quede mais liberada, entón non sabemos si vai a quedar ou non, isto require unha gran ocupación, temos que saber, claro vendo como se di no regulamento, non se sabe que departamento vai levalo, temos que saber, porque bueno Gondomar tampouco está sobrado de persoal, teñen moito traballo, o sabemos cando imos a consultar algún expediente que está toda a xente, e iso vai a ocupar un montón, eu penso que deberíamos saber e se nos debería informar un pouquiño mais para levar unha cousa desas tan importante con eles, e ao mellor ata é necesario para que os cidadáns o coñezan, pero deberíamos de ter, bueno non está nomeado o grupo, quen o vai levar, si é de rexistro, probablemente, pero sabemos que vai ir por ese lado mais ou menos ou ao mellor hai que contratar algún persoal mais, non sabemos si se pode contratar, as cousas, estamos en crise. Entón eu case diría que nolo explicara un pouquiño mais o Concelleiro ou bueno de todas formas despois no período de alegacións, si esta aprobación inicial pasa, pois si que miraríamos e desde o noso punto de vista nos engadiríamos as cousas que nos pensamos que son necesarias, e en principio nada máis.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez ¿algunha intervención? Sr. Pauliño, ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño: Boas tardes a todas e a todos, dende Cabe queremos en primeiro lugar felicitar ao Concelleiro de Participación Cidadá por traer este Regulamento de Participación Cidadá a este Pleno. Parécenos unha medida importante, unha medida imprescindible, agora ben, dende Gondomar Concello Aberto faremos un período de alegacións para presentar todas aquelas, suxestións ou emendas deste regulamento que dende o noso punto de vista partindo de que é un paso importante na participación dos cidadáns na vida política, adoce basicamente de dúas eivas que gastan este documento pero que polo que serán evidentemente obxecto de



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

unha peneira para ver si entre todos somos quen de facelo algo mais prolongado (...), do outro lado concreto, porque este regulamento adoece en primeiro lugar de unha serie de innumerables conceptos xurídicos indeterminados que valen para unha cousa e a contraria, non establecéndose claramente cales son os mecanismos polos cales se vai a perseguir a participación cidadá. Hai por exemplo artigos, que non veñen agora ao caso, en onde no mesmo artigo por un lado establécense unhas cousas por norma e por outro lado se lle da a discrecionalidad dun alcalde para (...) co cal digamos que teríamos que axustar un pouco unha serie tal vez de, non so conceptos xurídicos indeterminados senón de moitas facultades que xa están establecidas na lei e que polo tanto mellor, para a mellor comprensión da cidadanía, estaría ben que xa que están na lei este regulamento avanzara algo mais e non simplemente recaese nunha serie de conceptos que xa para correr hainos que facer e xa agora se poden facer, non é o mellor avanzar un pouco mais en afinar os conceptos xurídicos indeterminados e en limitar a discrecionalidad da, que o Sr. Alcalde ten ao longo deste texto, polo tanto.....hai unha serie de..... Temos unha dúbida en principio no artigo 23 cando se está falando das dos Consellos, fala dos Consellos Rurais, me gustaría saber si é que significa que Gondomar queda como parroquia queda sen representación ou como se vai articular isto, en todo caso nos adiantamos o noso voto a prol deste regulamento, parécenos un paso construtivo e estaremos (...) na aliñación para poñer enriba da mesa as ideas e concrecións ~~que esperamos que o conxunto da Corporación Municipal as estime pertinentes. Señores~~

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Pauliño ¿algunha.....? si Sr. Antón, ten vostede a palabra.

Sr. Antón Araúxo: Vale, grazas Alcalde, soamente para (...) porque necesitamos dos diferentes partidos para que nos fagan as súas achegas e entregar o documento e en algún caso de que así o solicitasen no menor tempo posible (...) achegas (...), así mesmo (...) veciñal que incluso (...) o que se fixo está feito e si se pode mirar (...) imos atender todas as alegacións que sexan razoables ímolas atender todas, e moitas grazas a todos (...)

Sr. Alcalde: Grazas, ben como di o Concelleiro de Participación Cidadá, a vontade deste Goberno é ter o mellor Regulamento de Participación Cidadá, obviamente un regulamento que ven a regular, valga a redundancia, as relacións entre os veciños e o Goberno Municipal ou que ven a cambiar incluso a maneira de facer política nun pobo, non pode ser entendido si non hai un consenso maioritario por parte da Corporación, porque malamente podemos regular as relacións e crear un tecido ademais social entre os veciños, si os representantes dos mesmos non se poñen de acordo, mal exemplo, polo tanto temos un período de alegacións unha vez que isto se aprobe para facer as achegas ou as alegacións no senso estrito da palabra para mellorar enriquecer e facer un regulamento acorde as nosas necesidades e co consenso ademais que require este tipo de documento. Eu espero que todos participemos en estas alegacións. Como Alcalde pois, teño que dicir que ademais a vontade de este Goberno é recoller todas aquelas que sexan xustas, axustadas en dereito e que melloren por suposto este Regulamento e en iso estamos, faremos as xuntanzas que teñamos que facer, falaremos das alegacións que se presenten e aprobarémolo definitivamente, obviamente cando isto estea dalgún xeito consensuado entre a corporación, senón non tería, enténdoo eu a modo particular e como Alcalde, razón de ser. Moitas grazas.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

***O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 10 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal M.M. e 3 do Grupo***



CONCELLO  
DE  
GONDOMAR  
(Pontevedra)

**Municipal Gondomar Concello Aberto; 6 abstencións: 3 do Grupo Municipal do PP e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; e ningún voto en contra, acorda aprobar a proposta arriba transcrita.**

**5. Indemnización a membros de Órganos Colexiados por razón de servizo.**

Sr. Pauliño: Sr. Alcalde, en aplicación do artigo 97 do ROF ( RD 2568/1986, de 28 de novembro) fágolle entrega ao Secretario Municipal dunha emenda antes do momento da discusión do punto da orde do día.

Sr. Alcalde: Vale, moitas grazas.

*Pola Presidencia dáse lectura ao contido da emenda presentada polo Sr. D. Pauliño del Río Iglesias, voceiro do Grupo C.A.B.E. neste mesmo intre, que literalmente di:*

*Pauliño del Río Iglesias, Concelleiro desta Corporación Municipal, en aplicación do artigo 97 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte Emenda ao punto nº 5 da Orde do día do Pleno Extraordinario nº 11/2016, que estamos a celebrar.*

**EMENDA:**

*O Sr. Alcalde introducirá na Orde do día do seguinte Pleno Ordinario da Corporación Municipal de Gondomar a seguinte Proposta de Acordo, previos os trámites legais oportunos:*

*1º As indemnizacións por asistencia aos Órganos Colexiados quedarán establecidas do seguinte xeito:*

*Por asistencia a Plenos da Corporación, 290 €*

*Por asistencia a Comisións Informativas, 160 €*

*Por asistencia a Xuntas de Goberno Local, 135 €*

*2º Asemade o Sr. Alcalde devolverá ao erario municipal a cantidade de 10.360 € para facer fronte ao quebranto das arcas municipais que a súa falla de xestión, incompetencia e ineficacia produciu.*

*Gondomar, 20 de setembro de 2016.*

Sr. Alcalde: Sr. Secretario tome nota da Emenda e Sr. Pauliño, si tivera a ben explicar en qué consiste a emenda, porque sinceramente non me acabo de decatar. Doulle a palabra, por si quere a palabra, non lla vou a dar á forza pero necesita explicar algo mais, ¿non? ¿quere a palabra?

Sr. Pauliño: Imos ver Sr. Alcalde, eu entendo que o procedemento normal é que se lea a proposta que trae que está ditaminada na Comisión de Economía, Facenda e Contas que é o procedemento habitual e a partir de aí hai unha emenda presentada en tempo e forma, que



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

cada representante verá, eu entendo que é o procedemento normal. Está nunha emenda (...) na Comisión de Economía, Facenda e Contas que hai que ler nos seu termos, unha vez que se lea nos seus termos e se explique como foi ditaminada, a partir de aí este grupo explicará a súa emenda.

Sr. Alcalde: Moi ben, grazas polas súas verbas ampliatorias.

*Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura do ditame da Comisión de Economía, Facenda e Contas de data 14.09.2016, que literalmente di:*

**ASUNTO: DEREITOS ECONÓMICOS AOS Membros DA CORPORACIÓN MUNICIPAL POLA SÚA ASISTENCIA ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACION MUNICIPAL-**

*Considerando os dereitos económicos recoñecidos aos membros das Corporacións Locais que constitúen o estatuto do concelleiro, contido no artigo 75 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 225 da lei 5/97 de 22 de xullo, das Administracións Locais de Galicia.*

*Considerando a base 27 A) 1º dos orzamentos vixentes relativo ás Axudas de custo e indemnizacións especiais dos cargos electivos.*

*Considerando que estas retribucións véñense mantendo ao longo de varias lexislaturas e que non sufriron ningún tipo de modificación a pesares da crise económica que sofre o noso país, e polo que*

*Considerando que no pacto asinado de Goberno entre os grupos políticos do PSOE, MANIFIESTO MIÑOR e CABE, contemplábase a redución económica por asistencia aos Órganos Colexiados, así como a redución das retribucións do salario do Alcalde nun 30 por cento, que se fixo efectivo no Pleno extraordinario celebrado con data 17 de xullo de 2015, considerando que dende ese intre se fixo solo efectivo unha parte do acordo (a **relativa a esta Alcaldía**) quedando pendente o relativo aos Órganos de Goberno.*

*Polo que propoño ao Pleno desta Corporación se adopte acordo de reducir os importes polas asistencias aos Órganos Colexiados nun 10 por cento, quedando do seguinte xeito:*

*Por asistencias a Plenos 292,50 euros*

*Por asistencia a Comisións Informativas 162,50 euros*

*Por asistencia a Xunta Goberno Local 135,00 euros*

*O alcalde, dille os membros, que a proposta non se axusta ao recollido no acordo de Goberno asinado no seu intre, polo que di que as cantidades recollidas non son exactamente un 10 por cen de baixa, senón que se redondean as cantidades, quedando do seguinte xeito:*

*Por asistencias a Plenos 290,00 euros*

*Por asistencia a Comisións Informativas 160,00 euros*

*Por asistencia a Xunta Goberno Local 135,00 euros*

## **DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: ¿Quere a palabra Sr. Pauliño?



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevadra)

Sr. Pauliño: Eu quero a palabra pero despois si hai outros grupos que teñan representatividade, e estean en disposición de falar, non sei si queren falar.

Sr. Alcalde: Ten vostede a palabra. O presidente do Plenario decide quen ten a palabra. Ten vostede a palabra Sr. Pauliño.

Sr. Pauliño: Eu decido si é o momento de falar eu ou non.

Sr. Alcalde: ¿Cómo? Si quere estar calado non hai problema, non o obrigo.

Sr. Pauliño: Porque hai unha serie de grupos que ao mellor teñen algo que dicir, nos (...) sabemos..... a nosa palabra evidentemente para defender a nosa emenda, ese é o procedemento, eu teño a palabra, se o resto da corporación o considera oportuno, inicio a quenña de palabra, non teño ningún problema

Sr. Alcalde: Entendo que vostede non quere a palabra, que lla pase...

Sr. Pauliño: Entendo que é improcedente (...) pero vostede como (...) o ten que respectar (...)

Sr. Alcalde: Se non quere vostede o uso da palabra a pesar de que lla deu o Presidente, ten o Sr. Guitián a palabra ¿Sr. Guitián?

Sr. Guitián: De acordo moitas grazas, eu a verdade pensei que isto era un chiste, que este punto que nos traen aquí era un chiste, e a verdade é que o Sr. del Río sigue co chiste mandándolle esta emenda. Eu pensaba tamén traer outra emenda que era coller este diñeiro e o que sobre poñerllo no seu soldo, ese era o meu chiste, a min isto paréceme un chiste, me parece unha perda de tempo que non ten nome, nos non queremos participar neste, non queremos participar neste, nin nunha cousa nin na outra, deste chiste, esta é unha situación na que o Goberno non ten nada que ver, non teñen nada que facer, quere que llo diga eu. Mira isto ten varios problemas que son, se fai unha comisión informativa, perdón unha comisión, si informativa, informativa de facenda con cinco días e medio ou seis a todo correr cando dous días antes se fixo outra, e que non se entende, non sei si falar ou (...) normal no, no non nos traían isto, retire este punto e imos o que hai aquí, é verdade, é que non ten senso ningún. A miña emenda, eu case creo que é unha (...) das dúas, porque sobren 3000 euros para o soldo do alcalde, ¿por qué non o trouxo ese día todo xunto? e xa o redondeaba, de verdade que cando o vin no papel pensei que estaban de novo complicándoo, digo resucitou o tripartito, case (...) pero me quedou claro neste instante que non. Temas económicos, ten vostede que traer, eu llo pedín no anterior Pleno, a incorporación no transporte metropolitano, eu llo pedín porque daquela xa había a tarxeta de Vitrasa que tamén se incorporaba ao transporte metropolitano, vostede dixo, non haberá problema o vou traer, conto co seu apoio ou o do seu grupo, nos lle dixemos que si, non está aquí, non está aquí este punto, pero é que aínda por riba despois saíu o feito de que ata os 19 anos os rapaces terán o billete gratis, pero ese billete gratis ten que financiarlo unha parte o Concello de Gondomar. ¿Porqué non trae ese punto á Comisión Informativa de Economía e Facenda? e agora (...) iso se chama traballar e isto é un cachondeo. Outro punto, a taxa do lixo ¿qué imos facer con ela? ¿imos esquecerla para sempre, imos volver a traela, qué imos facer con ela? Outro punto económico a traer aquí, outro punto, os orzamentos, non perdan o tempo en iso. Isto supoño que non necesitaría nin o informe do Secretario, non é normal. E outro punto, o verán anterior, quen lle fala, asumiu o compromiso co Polígono da Pasaxe, que era que a primeira fase do desenvolvemento do Polígono, fase facer mediante cooperación, é dicir o solo, que se obteña industrial, na primeira fase das naves implantadas será a través de cooperación, é dicir coa intervención dos propios empresarios que teñen as parcelas e un axente xestor, do solo, que será un da administración e este que lle fala asumiu o compromiso, que vostede coñece, de que fora o Concello. Iso lle xerará cartos, aquí tiña que ver a modificación de créditos para meter nos orzamentos para atender iso ¿ónde está? Iso Sr. Presidente é traballar, e isto é un cahondeo. Nos votamos a todo, en contra. Nada máis.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Guitián, ben voulle a contestar, primeiro a vostede, non falou nada da emenda, non falou nada do asunto que nos ocupa. Aquí do que estamos falando, que eu creo que todo o mundo debe telo claro, é dunha cousa moi sinxela, cando gobernamos un tripartito polo Partido Socialista, Manifesto Miñor e Cabe adoptamos un acordo entre outros, de facer un reaxuste do gasto público e do gasto dos soldos dos Órganos Colexiados do Goberno, entón entre outras cousas se reaxustou o salario do Alcalde e quedaba pendente reaxustar os Órganos Colexiados que consistía en diminuír as cantidades que cobra cada Corporativo por representación na Xunta de Goberno, Plenos, Comisións e demais. O que se fixo foi facer esa redución, que mais ou menos é de un 10%, e que despois de un ano e algo se trae a Pleno para adaptar e acadar ese acordo que no seu momento ademais incluso eran liñas vermellas que algún poñía enriba da mesa. Ben, hoxe é algo moi sinxelo, que ao Partido Popular lle pareza un chiste o que traemos aquí, eu o respecto porque lle pareceu un chiste sempre que entrásemos en iso, tanto no soldo do Alcalde como no dos corporativos, sempre lle pareceu un chiste e se quedou ao marxe. Que a IXG lle pareza un chiste, non quero utilizar esa expresión como non a usaron eles, tamén o respecto porque sempre se quedaron ao marxe, pero hai tres partidos que non lle pareceu un chiste, a dous síguelle parecendo unha cousa seria, a outros en breve, imos a saber si lles parece un chiste ou lle parece unha cousa seria, porque non se pode estar na misa e tocala campá. Agora vimos con emendas, as emendas non deixan de ser ~~antimateriais xurídicas que moitos por deformación profesional poñemos en práctica para~~ entorpecer a labor e a xestión dun Goberno, que eu respecto pero que tamén quero dicir que non comparto. Isto é moi sinxelo, ¿quere esta corporación que os Concelleiros cobren menos do que cobran, si ou non? soamente hai que levantar a man ou non levantala. Digo que un documento firmado por tres partidos políticos, rubricado polos mesmos, hai un ano estaban de acordo de que iso tiña que ser así, e non é solo que estiveran de acordo, e que era unha liña vermella e unha imposición para chegar a un acordo por un dos grupos que agora presenta emendas, pero iso en breve sairemos de dúbidas. É certo Sr. Guitián que vostede agora facendo memoria e logo de haber estado aquí catro anos e ter a oportunidade de facer e non fixo, é normal que agora nese período de reflexión, lle veñan agora de viva voz os recordos do que debería haber feito e non fixo, debeu facer, aprobar o Plan de Transportes, como non tiña maioría absoluta, como non tiña maioría absoluta vostede tiña que recadar os apoios suficientes, como teño que facer eu para sacar as cousas adiante porque non teño maioría absoluta, pero tamén lle vou a dicir, o do Plan de Transportes non se trae hoxe aquí, por algo tan sinxelo que vostede sabe, que a interventora municipal se incorporou o día 12 e non deu tempo a ditaminar nin a facer os informes preceptivos para que isto viñese o día 20, intentaremos, intentarei, que ao final a Constitución do Pleno e a Orde do día recaen sobre a potestade do Alcalde, que o día 6 de outubro o Plan e Transportes da Área Metropolitana de Vigo, esa área que agora temos confeccionada e ademais acabamos de asinar ante os representantes desta Corporación, a mesma, que ademais terá cabida o transporte público de Gondomar, por suposto, de eses xoves que ademais cumpren 18 anos e que non teñen 19, e que agora teñen unha tarxeta gratuíta e que antes non tiñan, empezaron a tela este mes, por suposto que ademais van a dispor da mesma, porque mire eu voulle a dicir unha cousa, eu si teño que traer un Plan de Transportes aquí pensando nos veciños vou a traelo, e si teño que agachar a orella e corrixir e rectificar e dicir que me errei, tamén o digo, que non é o caso, teña por suposto que o Plan de Transportes será un feito, e non so será un feito o Plan de Transportes, será un feito como xa é a Área Metropolitana e incluso a parada de autobús que se vai a establecer dentro do casco urbano. Verán vostedes como hai cambios no transporte, verán como tamén son conscientes, si así o miraron, que hai cambios no polígono da Pasaxe, dos cales eu non alardeo tampouco gran cousa, vostedes saben, é un logro de todos que A Pasaxe teña un Plan Sectorial e que deixe de estar no limbo da inseguridade xurídica e eu me alegro como alcalde e me alegro tamén e volvo a dicirlllo, que xa llo dixen hoxe por segunda vez con esta, que vostede fixo unha boa xestión en ese sentido e volvo a dicirlllo. Tamén lle digo que os orzamentos que nos hoxe non traemos aquí e que antes recaían nun área de



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

gobierno de un concelleiro que está á miña esquerda e que non foi quen de traelos aquí, hoxe recaen sobre este que fala que está traballando na elaboración do mesmo e iso que traballamos en minoría pero ese mesmo regulamento que nos non somos capaces de traer aquí en tempo récord non foi capaz de tampouco aprobalo vostede no seu mandato porque seguimos cos regulamentos prorrogados do 2012 e vostede entrou no 2011, tres anos e non foi capaz, e tivo maioría absoluta, nos sen embargo nin temos maioría absoluta nin dispoñemos dos tres anos que dispuxo vostede, polo tanto verá como haberá avances tanto dos orzamentos como da Pasaxe, como do transporte público porque tamén teño que dicirle ao respecto, lembra vostede de onde sacaba os cartos para o transporte público, de qué partidas, de emprego. Sra. Natalia, Sra. Natalia despois pida vostede a palabra e pode falar todo o que queira pero hai que deixar que un se exprese como eu tamén deixo que vostede se exprese e iso é o que hai, pero iso non é o debate deste punto, este punto o debate, é manter as dietas ou os salarios ou como lle queiras chamar dos Corporativos nunha cantidade ou en outra, en iso é no que hai que pronunciarse, logo en preguntas, en rogos do seguinte Pleno falaremos do que queira, dos orzamentos, da taxa do lixo, non se preocupe pola taxa do lixo, está controlado. A taxa do lixo, e a ordenanza do lixo, a ordenanza fiscal, virá ao Pleno o día 6, estaremos en tempo e forma ademais para aprobar a ordenanza, porque eu cando digo que virá o día 6 e que vai vir o día 6, e cando digo que si unha cousa non se fai poño o meu cargo a disposición, e digo, e sinto moito que non o teña que poñer a disposición porque se van facendo as cousas. Non se preocupe, no próximo Pleno do día 6 vostedes algo que demandan como o Plan de Transportes, como a ordenanza fiscal do lixo, como outras tantas cousas, van a ter a oportunidade de demostrar si se poñen de perfil ou si se poñen de fronte, non se preocupen. Atendendo ao caso que nos ocupa, vostede Sr. Pauliño presenta unha emenda para que eu, si corríxame, para que eu inclúa na orde do día unha determinada cuestión, ¿estou errado ou non? ou agora venme a dicir, vostede saberá que é o alcalde ¿verdade que si? Eu pídlle porque son unha persoa de normalíño de todo, non entendo moi ben o que pide vostede nin os dous mil euros, nin unha cousa nin outra, eu lle explico e lle pido que fale para a xente, chamándolle as cousas polo seu nome, sen disfraces nin verbas raras, non o entendo, non sei o que quere, polo tanto como di, eu pídlle que me diga ¿qué é o que quere?, ¿qué é o que incluímos neste punto? e ¿que é esta emenda?, quero que mo diga, quero que mo explique e veremos si ten razón ou non porque ademais aquí temos ao Secretario Municipal, que é o asesor xurídico e é un técnico do concello ao que sempre lle facemos caso, e vostede sempre lle fixo caso, el dirá ademais que é o que ten que facer sobre esta problemática en cuestión, e non pasa nada porque si isto ten que quedar en riba da mesa, non se preocupe volverá a esta mesa o 6 e volverá o 20 e volverá as veces que teña que volver porque vostedes non se van librar da responsabilidade de diante de todos votar en contra da rebaixa dos soldos que quixeron rebaixar cando eran Goberno e que hoxe queren manter como están cando son oposición e aquí hai que mollarse, ou se vota a prol ou se vota en contra ou se está con isto ou non se está é algo tan sinxelo, non me veña con emendas ¿rebaixámonos o soldo señores corporativos ou agora como estamos na oposición mantémolos e seguimos cobrando por comisións e por plenos? É algo así, é algo tan sinxelo como iso, e este é o momento do levantamento do velo e cada un ten que facer o que ten que facer ¿sóalle a teoría esa verdade, do levantamento do velo?. Moitas grazas, ten a palabra para si quere explicarme en qué consiste esta arducia xurídica que vostede presenta porque eu son unha persoa moi limitada e non alcanzo para tanto. Grazas, Sr. Pauliño ten vostede a palabra ¿non a quere? Últimamente as palabras as da Pauliño xa. Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Imos ver Sr. Alcalde, está vostede obsesionado co (...) Sr. del Río (...) está obsesionado co tema. Imos ver vostede (...) do tema do lixo, eu lle vou a dicir en qué consiste, eu voulle dicir que isto é cousa..., imos ver, de verdade que non o sei, o noso grupo IXG o consideramos unha cousa pouco seria, imos ver, vostedes fixeron un pacto, non sei si fixeron un pacto, un tripartito e acordaron unhas cousas, iso non ten nada que ver con esta



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

corporación, iso foi unha cousa que vostedes acordaron no seu día onde vostedes se baixaron o soldo, despois o querían subir pero bueno naquel momento o baixaron. Eu naquel Pleno xa lle dixen, non sei si o lembran que lle dixen eu non estou de acordo, o Alcalde ten que estar, o Alcalde ten que dedicarse ao Concello e ten que estar ás oito da mañá no Concello como está o primeiro funcionario, ás oito da mañá, tódolos días, iso é o que ten que facer o Alcalde e cobrar o que ten que cobrar, eu xa o dixen o seu día (...) pouco que se había cambiado e (...) que quería subirse o soldo, ao final pois nos non entramos en ese tema, eu xa lle dixen o primeiro día que non entrábamos e agora tampouco imos entrar (...) a min me parece, hai moitas cousas que (...) e se poden economizar, se pode economizar outro (...) primeiro se baixa o seu soldo, e despois quere subir o soldo, agora quere baixar o soldo aos Órganos Colexiados, nos non imos entrar en iso, nos lle imos (...) todo iso, nada mais, non vou entrar no debate porque de verdade...(...)

Sr. Alcalde: Moi ben, pide a palabra o Tenente Alcalde Sr. Antonio Araújo, ten vostede a palabra.

Sr. Araújo: Grazas alcalde, (...) como, non sei sequera si o que vou dicir forma parte do asunto que se está debatendo aquí pero as cousas derivaron como derivaron, en todo caso non foi, non foi culpa miña, non. Pero hai unhas posicións que convén aclarar e eu vexo en concreto no Sr. Gutiérrez que é o responsable do Partido Popular un conto a lo electoral que a min non me gusta moito, porque claro a cinco días dunhas votacións que se veña aquí nun desfile, que se veñan a poñer medallas de acción política electoralista, non sei si chamarlle electoralista, non quero poñerlle cualificativos, sobre o tema da Pasaxe, sobre o tema do transporte, sobre o que non se fai mal, cando acabamos de aprobar inicialmente un Regulamento de Participación Cidadá que é pioneiro na comarca, (...) bueno o de (...) é bastante diferente do noso, é bastante diferente do noso, que se pretenda nin formular iso realmente me parece...xa non vou a entrar no de quen traballa o que non traballou ou deixou de traballar, e home no tema do polígono industrial pois...da Pasaxe habería moito que falar jeh!. Eu un día si quere, lle facemos un monográfico, ¿verdade? e falamos de como se teceu todo iso, dende o ano 2008, iso custou ferro e fariña sacalo adiante, por certo coidado cos optimismos, porque queda moitísimo traballo, queda o peor por facer, pero aínda (...) está aquí para poñer medallas porque xa teño uns cuantos anos (...) andar con iso, pero un tamén lee e escoita e le comentarios nos medios, na prensa, nos plenos ¿verdade? Onde hai esquecemento, onde parece que o da Pasaxe caeu do ceo ¿verdade? Un día apareceu por alí o Sr. Feijoo, creo que chegou hoxe por alí a revender, a revender o que está revendido, mañá teremos sobredose na prensa do Polígono da Pasaxe, moi ben paréceme ben, facer iso a cinco días das eleccións, das eleccións autonómicas é pornografía, mire o que lle digo pornografía política, perdón, (aplausos) perdón así de claro. Entón, logo (...) porque meter todas esas cousas a cinco días das eleccións, por favor, un pouquiño de por favor que dicía o filósofo da tele, ben, eu voto de menos neses agradecementos persoas que convertemos claves cos que vai a haber moito que falar e sen as cales non hai acordo, non hai posibilidades de botar a andar co Polígono da Pasaxe, que é por exemplo a Comunidade de Montes de Vincios porque sen eles non hai nada que facer e vostedes o saben, pero a eses nin os cita nin o Partido Popular nin o Sr. Feijoo, a eses non os cita... nin ós empresarios tampouco, nin ós empresarios tampouco, pero xa lle digo, teremos ocasión de falar de iso mais adiante, é un problema, eu sei, o que nos ven enriba con esta historia, dende logo nos imos traballar para sacar o Polígono adiante, que aparte tamén lle toca, poden crerme que o vou facer porque xa o fixen, entre outras cousas xa o fixen, porque xa o fixen, si Sra. Durán (...) non, non, estaba xesticulando e interpreteina mal, perdoe vostede que a interpretei mal, non, o meu forte non é interpretar a gesticulada da xente, sei, simplemente xa sei que estamos noutro debate pero como sae e como estamos a cinco días dunhas eleccións realmente (...) falamos e cando remate o Pleno, pois a xente que se quede, o público e cada un de nos (...) política, xa está, perfecto pero cas cousas de comer os avós non xogan. Nada máis, era por puntualizar algunhas cousiñas.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Guitián ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Imos ver Sr. Araújo, é a súa opinión pero o respecto, iso en primeiro. Segundo, para nada estaba facendo un discurso político de venda de nada

Sr. Araújo: Entendino mal, perdoe.

Sr. Guitián: Evidentemente entendeume mal, por suposto todos os que pasamos por aí, algo (...) e ao mellor sería peor pero seguro que vostede tamén e eu tamén intentamos tirar con el adiante (...) pero non decaemos, o que eu estaba dicindo é, porque nos traedes iso aquí, cando tendes outras moitas cousas que facer, efectivamente na Pasaxe hai moito traballo por facer, ese era o meu discurso, non confunda vostede o que dixeron hoxe uns, eu non dixen nada, e o que estou dicindo eu agora, o que estou dicindo eu é que a min e a este grupo non lle gusta isto, non lle gusta que o Alcalde traia aquí este axunto das rebaixas cuns argumentos que fixo para subirse o soldo (...) para nada electoralismos nin nada, tamén podía ser porque podo dicir o que queira dentro do respecto, e con respecto xa para rematar, o transporte metropolitano simplemente dicir que nos (...) e outra como vostedes votaron en contra, os que estivemos aquí ou poñer o diñeiro a través do Plan de Obra e Edificacións, nalgunha parte (...) o viron e o trouxeron, perdón, non lle digo o único que estaba facendo era un repaso de cousas que están en pendente, non nos traian isto que é unha perda de tempo, de feito levamos aquí neste punto mais tempo que nos outros e me parece o menos importante. Eu xa lle avancei o noso voto, en contra desto, en contra de emenda calquera en contra destas cousas. Nada mais.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Guitián, estamos perdendo moito tempo ou tratando isto con moita, con moita calma ou debatendo de mais porque vostedes queren, eu isto houbérao aprobado en 0.30 segundos, votando a prol e xa está, son os que están leando a historia, non son eu, resolvémolo en nada, 15 segundos e resolvémolo. Ímoslle dar agora si a palabra ao Sr, del Río que si a pide. Eu ao Sr. del Río dígolle, logo falaremos da emenda, l le vou a dar a palabra ao Secretario Municipal, para que...para que se exprese sobre este tema da emenda pero lle pediría ademais que me aclarase o apartado 2 porque eu non o entendo "Asemade o Sr. Alcalde devolverá ao erario municipal a cantidade de 10.360 € para facer fronte ao quebranto das arcas municipais que a súa falla de xestión, incompetencia e ineficacia..." por deus podía falar vostede cando foi Goberno durante seis meses tamén algo ¿devolvemos algo os dous, non? pero tamén teño que devolver eu todo, vostede cando estivo aí, ¿qué pasa, non devolve nada? ¿porque, qué fixo? Nin orzamentos, nin ordenanzas, porque as ordenanzas modificounas daquela maneira, si quere falamos de iso ¿qué fixo vostede? ¿qué fixo vostede, cando foi Goberno? Pois faga oposición, pero faga unha oposición seria, dicíndome a min de ónde teño que quitar os dez mil euros, si do meu soldo, si da miña conta xeral, da taxa, si teño que darllo a vostede, si tal porque xa é discutible a ineficacia e a incompetencia da xestión, é que non entendo nada, eu creo que aquí vostede pegou un pequeno patinazo, me da a min a sensación, pero bueno explíquemo, sinceramente explíqueme isto, ¿qué quere dicir con isto? Explíqueme despois todo o que queira, a maiores claro, por suposto, está no uso da palabra.

Sr. Pauliño del Río: Grazas Sr. Alcalde, a verdade é que nos non estamos no Goberno pero vexo que vostede pía por Gondomar Concello Aberto, acaba de facer unha oposición da oposición como fai calquera mal gobernante que se prece. Vostede trae ao Pleno a redución das indemnizacións dos Órganos Colexiados desta Corporación Municipal, claro que a memoria do Sr. Alcalde é curiosa, contraditoria e selectiva porque cando Gondomar Concello Aberto deixou o Goberno, que por algo o deixaría, evidentemente, pero claro vostede a primeira medida que fixo foi tentar subirse o soldo, co mesmo argumento ao contrario, non como dicían por aí, co mesmo argumento non, co argumento contrario co que trae aquí, vostede dixo no ortopacto eu me subo o soldo porque eu so estou vinculado a ese pacto porque eu non me quería baixar o soldo, imos subirnos dez mil euracos, o pacto vostede o deu por finiquitado e con ese motivo están aí as actas e o vídeo, e con ese motivo e con



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

argumentos vergoñosos como que con 39.000 euros, creo que cobra vostede, vivía a pan e auga, con argumentos tan vergoñosos coma ese que dixo vostede, non este grupo que terá moitas cousas, malas, defectuosas e fará moitas cousas que requirirán emenda pero as súas verbas son súas, pero claro dixo iso que con 39.000 euros vostede vivía a pan e auga, o condenabamos a vivir a pan e auga, ben con ese argumento vergoñento e co argumento contrario que usa agora vostede quixo subirse o soldo de 39.000 euros a 48.000 euros, é dicir usa unha cousa e a contraria ¿para qué? Para o primeiro que se lle ocorre, porque ese é outro problema Sr. Alcalde, vostede goberna ao que se lle ocorre, un día se levanta pola mañá e decide, imos baixarlle o soldo á oposición ¿por qué? porque eu o fago, porque se me acaba de ocorrer, porque entendo e entendemos que ese é o único argumento si pensamos qué é o que ten vostede na testa. E vou explicar agora de onde saen estes 10.360 euros que vostede debe de devolver. Se vostede lera con un mínimo de interese e da atención que lle vai no cargo, con un mínimo de interese e atención sabería que a emenda de Gondomar Concello Aberto acepta ese 10% (...) pero vostede nin sequera se molestou en ler iso, entón di que a ver que si imos subir ou baixar, non, non, claro que isto non é un tema de chiste, claro que os cartos que gasta a Corporación Municipal non son un chiste e como non son un chiste hai que coidar moi ben deles, e cando vostede como Alcalde, o dixo vostede aquí, eu teño a facultade e a competencia para convocar o Pleno e para constituír o Pleno, efectivamente, ¿e sabe o que fixo vostede?, ~~convocou un Pleno sen nin sequera unha comisión informativa para elixir un xuíz de paz, un~~ Pleno que debía de ser ordinario o convocou extraordinario, e cuxo único punto da orde do día, era a elección do xuíz de paz que non valeu para nada, houbo que repetilo, 325 euros que cobra cada un de nos por catorce, bote contas 5.520 euros que vostede dilapidou, porque ese Pleno que ademais nin valeu nin para facer mocións, nin para facer preguntas, nin para absolutamente nada, so para ese punto, cando houbo unha comisión, unha xunta de voceiros uns días antes e vostede en ningún momento dixo que ía traer este punto na orde do día, senón que anunciou o primeiro que se lle ocorreu e logo anotouse un punto entre os noes, aínda por riba confundiu as maiorías, confundindo maioría simple con maioría absoluta e non se puido elixir (...) un Pleno absolutamente que non había que formular nin celebrar, e os cidadáns de Gondomar, os veciños e veciñas non teñen culpa da súa incompetencia, pero máis adiante de iso, outro día vostede convocou un pleno para elección das mesas electorais cando a lista do censo estaba aínda en período de alegacións e polo tanto non se podía celebrar ese Pleno, de novo un Pleno único, un Pleno con so un punto da orde do día, que non se podía convocar evidentemente, esa elección decaeu porque non había forma de facela, se volveron a gastar outra vez 4.550 euros de todos e todas nos, e a culpa non é do 10% que trae vostede aquí, a culpa non é do chá, chá, chá, a culpa non é de Cabe, a culpa é de vostede que é un incompetente e convocou sen telo que convocar (aplausos) e agora pretende que os veciños e veciñas de Gondomar paguen estes plenos, é máis, en este punto da orde do día vostede convocou unha Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas para tratar este punto, cando facía catro días que se acababa de convocar, de celebrar outra Comisión exactamente igual en onde puido meter este punto na orde do día e non o fixo, e con esta rebaixa se aforran arredor de 125 euros por comisión, e vostede para aforrar 125 euros fixo un gasto ¿verdade? de 1.260 euros, unha mostra mais da eficacia e da eficiencia, si non houbera Comisión de Contas e exposto, pois de acordo,(...) catro días, polo tanto ¿qué é o que trae vostede aquí? trae vostede aquí Sr. Alcalde que a súa incompetencia, a súa falla de xestión que lle acaba de custar en menos de sete meses a todos os veciños e veciñas de Gondomar 10.360 euros, agora ven vostede a envolverse coa bandeira da eficacia e da eficiencia ¿o qué? Por suposto que nos estamos dispostos a baixarnos ese 10% pero vostede terá que devolver, vostede terá que devolver os cartos que dilapidou ao erario público, vostede terao que facer porque vostede convocou dous plenos e unha comisión sen ningunha razón de ser. E esas cousas que so vostede é competente e está farto de dicilo ademais, eu son o único que pode convocar un pleno, espero que agora non se escuse en funcionarios municipais, espero que non o faga, como ten por habitual, bueno pois terá que devolvelos, esa é a emenda, esa é a



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

emenda, nos facemos súa a súa proposta, non por un pacto do Goberno, o pacto de Goberno morreu Sr. Alcalde e non o use a súa conveniencia como usa todo, ten que ter un mínimo de coherencia e de saber estar e vostede non o ten, vostede é un (...) un argumento di o contrario cando lle da a gana, cando lle da a gana. No pacto nos dixémoslle claramente que o Goberno Municipal lle tiña que custar menos aos veciños e veciñas de Gondomar, liña vermella, por suposto 37.000 euros que lle costa ao Goberno Municipal á Cidadanía de Gondomar ¿quere vostede rebaixar os soldos da Corporación? ¿é para vostede absolutamente prioritario? Evidentemente pero como non son de chiste, as finanzas municipais, devolva vostede o que dilapidou e entón estaremos en igualdade de condicións, entón estará vostede en condicións de dicir, de predicar e de dar trigo, de momento o que fai é rirse de todos e todas nos. Grazas Sr. Alcalde.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Pauliño, estivo vostede a verdade espléndido e levo vindo aos plenos quince anos, non sei canto tempo leva vostede aquí, a verdade que escoitalo unha vez é escoitalo todas, sempre ten o mesmo discurso, eficiencia, eficacia, xoga coa demagogia, toca temas que xa sabemos todos que vai a tocar porque é o mesmo discurso pero bueno alá cada quen, o pobo é soberano de elixir aos seus representantes e ao seu Alcalde, curiosamente, nesta ocasión me elixiu a min e non a vostede, pena daqueles seis votos do meu concelleiro que perdín e que vostede entrou grazas a iso, pero voulle a dicir mais, si, si, ríase, ríase, é unha pena, meu deus este nome, non hai ningún alcalde que se sirva, non hai ningún goberno que lle valga, non hai ningún compañeiro que lle sexa útil, todos somos incompetentes, ineficaces, temos que devolver...eses dez mil euros que vostede fala que eu roubei ou que eu desgastei do erario público por convocar un Pleno do Xuíz de Paz que ao final non tiñamos a maioría absoluta para que saíra e tiñamos a simple, houbera votado vostede e outros e xa pasaba e pasa o mesmo coas comisións, os órganos colexiados están aí, si facemos pleno porque facemos pleno, si non facemos pleno porque non o facemos, pero mire eu vou ser moi sinxelo, eu estou en primeiro de carreira, creo que hai cousas que teño un aprobado, eu teño algunha cousa e é traballo, son honrado e son humilde e despois cometo erros, e despois cometo erros pero estou aquí para aprender e podo asegurarlle que cando estea aquí en cuarto de carreira e me vaia a graduar, a diferenza entre un e outro será mais abismal si cabe da que agora hai e vostede vai ser testemuña de como se fai goberno e como se fan as cousas en Gondomar e vai ser tamén aquel que puido empuxar deste carro e desta bandeira de esquerdas que tanto enarboramos e tanto presumimos dela e non o fixo, o único que fixo foi subirse a ese carro e meter pau nas rodas, iso é así e o tempo pon a cada un no seu sitio e o bo que ten a política é que dentro de catro anos nos irán a xulgar, e nos quitan e nos poñen, xa verá vostede onde imos estar cada quen. Agora o que temos que facer, ao marxe de todo isto que hai que recoñecer que pensou bastante para buscar escusas e querer eludir a responsabilidade de votar a favor ou en contra de algo tan sinxelo como rebaixarse 4 euros en catro comisións, ¿verdade? isto vai para vostedes, isto vai para vostedes, non vai nin para eles, nin para eles, vai para vostedes, así de claro, así de claro, branco sobre negro como di vostede, bromiñas as xustas como di vostede, pois é así pero tranquilo home, isto...penso tódolos días con Cabe, mira que ben, non nos poden esquecer, non importa, ¡a verdade que ben estamos!. Bueno, este punto non da para mais e voulle dar a palabra ao Sr. Secretario para que explique o procedemento da presentación da emenda que vostede presenta hoxe aquí para que o diga el dunha maneira imparcial e obxectiva e ¿quere vostede antes a palabra? Ten a palabra vostede.

Sr. Pauliño del Río: Aparte de estas cousas todas estupendas que damos todos por feito, de primeiro, de cuarto de carreira de que vostede é todo o que diga e é o campión do mundo mundial e eu evidentemente, libreme deus de tentar, de tentar sequera enfrontarme con vostede, eu (...) hai unha pregunta que non fixo, e vostede que comete erros ¿vai devolver os cartos que os veciños e veciñas de Gondomar non van a dispor pola súa incapacidade política? Esa é a pregunta que ten que responder.



CONCELLO  
DE  
GONDOMAR  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

Sr. Alcalde: Non, non teño porque responder esa pregunta porque non ten forza de lei ¿vai devolver vostede? ¿vai devolver vostede? ¿sí?

Sr. Pauliño del Río: ¿O qué?

Sr. Alcalde: O qué, dígoo eu, mire, ímoslle dar a palabra ao Secretario sobre a emenda porque non me veña con artilluxios agora xurídicos aquí. Sr. Secretario, en relación a esta emenda que presenta o Sr. del Río, ¿pode explicar, como técnico e xurista do Concello, qué procedemento debemos seguir sobre esta cuestión?

Sr. Secretario: En relación coa emenda exposta, xéranse unha serie de dúbidas de legalidade. En primeiro lugar, a primeira sería, a determinación da orde do día é competencia exclusiva do alcalde, co cal aínda sen facer un informe pero xa adianto que entendo que unha emenda non pode obrigar ao alcalde a incluír un asunto na orde do día, que é o que se recolle na emenda, iso por unha parte, por outra parte o mecanismo no procedemento para que o alcalde devolva diñeiro ou non á Corporación, entendo que non é competencia do Pleno, porque non ven regulado no artigo 22, a bote pronto, logo haberá que facer un estudo. En base a estas dúbidas de legalidade sobre a emenda exposta e en base a consulta de legalidade que nos formula o Alcalde, entendo que é de aplicación o artigo 92.2 do ROF que establece que: "*en el supuesto de que se trate asuntos no incluídos en el orden del día que requieran informe preceptivo de la secretaría o la intervención...*" entendo que aquí se require informe preceptivo da secretaría ou da intervención, e concretamente aquí se require informe preceptivo da secretaría porque o Alcalde o solicita verbalmente, senón puideran remitilo no acto, como é o caso, porque eu estou facendo unha serie de aproximacións xurídicas pero aínda non estou facendo ningún informe, vanlle solicitar da presidencia que se aplaze o seu estudo quedando enriba da mesa ata a próxima sesión, en base a estas dúbidas de legalidade e en base á previsión do 92.2. do ROF eu solicite ao Alcalde que quede enriba da mesa a emenda para un estudo detallado e si o estima o Alcalde conveniente para que solicite un informe xurídico sobre si definitivamente a emenda presentada é acorde coa legalidade ou non.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Secretario, entendemos entón que a emenda pode quedar enriba da mesa pero continuamos co punto da orde do día.

Sr. Secretario: Pido a palabra novamente, entendendo que para que a emenda quede enriba da mesa sería de aplicación o 92.1 do ROF co cal entendo que tamén habería que votar a retirada da emenda sen prexuízo de que logo se vote o outro punto. É dicir que se vote si a emenda se inclúe ou non se inclúe.

Sr. Alcalde: Ben, segundo di o Secretario que hai que someter a votación, ou deixar a emenda enriba da mesa si, si ou non ata a emisión do informe xurídico e técnico sobre a emenda. Eu creo que de isto ademais xa faláramos nalgún Pleno anterior sobre as emendas, xa pasara e teño entendido que tamén se fixera de este xeito, entón salvo ulterior criterio dalgún técnico con maior autoridade co Secretario Municipal que diga o contrario, como Presidente da Corporación sometemos á votación si queda ou non queda a emenda enriba da mesa para un estudo posterior de.....si, eu teño as miñas dúbidas, si o decide a Corporación, si o decide o Alcalde.

Sr. Gómez: Eu lle fago unha proposta, deixe todo enriba da mesa, estude ben o tema da emenda e logo traia aquí os puntos e a emenda.

Sr. Alcalde: Non vou deixar nada enriba da mesa, ¿decido?, ¿decide a corporación, decide o Alcalde si é aceptada a emenda ou si queda enriba da mesa ou non? ¿certo?, entón non se vota. Secretario ¿hai que vota ou non hai que vota?

Sr. Secretario: A retirada da emenda si a propós como Alcalde en base á miña solicitude de emisión de informe sobre a súa legalidade eu entendo que si hai que votar a retirada, porque é



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

unha potestade do Concelleiro en base o artigo 23 da Constitución presentar unha emenda, si a emenda non se quere incluír haberá que votalo porque senón ao Concelleiro se lle está cefcenando o seu dereito a presentar emendas, por iso entendo que si, que se debe votar a retirada da emenda.

Sr. Alcalde: Entón ¿qué votamos? ¿si?

Sra. Durán: (...) unha emenda para a rebaixa dos soldos, e seguimos cos mesmos temas, porque dixó o alcalde (...) si hai dúbidas de (...) ¿non é mais doado retirar todo e que analice o tema?

Sr. Alcalde: A verdade que ten razón a voceira do PP e ten razón o voceiro de IXG, e so por darlle a razón a vos, as dúas partes, vai quedar isto enriba da mesa. Ten razón e traémolo para o próximo Pleno, pero mirade vos canto tempo perdemos por vinte euros arriba, ou abaixo, queda enriba da mesa. Grazas Sra. Durán e grazas Sr. Gómez. Deixamos enriba da mesa isto.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde decide deixar este punto da orde do día pendente, á espera do seu estudo para incorporalo na orde do día dun próximo Pleno.

## 6. Fiscalización e control dos órganos de Goberno:

### a. Dar conta do informe de Intervención, Execución Trimestral EELL 2º trimestre 2016.

Pola Presidencia dáse conta do Informe de Intervención de data 14.09.2016 que ten como conclusión o seguinte:

#### **"IV. CONCLUSIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN:**

*Cos datos de execución orzamentaria existentes a 30 de xuño de 2016, o Concello de Gondomar:*

***Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, estimándose unha capacidade de financiamento ao peche do exercicio de 697.144,65 €.***

***Cumpre co obxectivo de débeda viva.***

*O modelo deseñado pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais para a remisión de información por parte do Interventor municipal do 2º Trimestre de 2016 establece que debe darse conta ao Pleno do Informe de Intervención de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

*Sinalar a este respecto, que no caso de que poida derivarse o mesmo incumprimento no **Orzamento, modificacións e/ou liquidación**, haberá que aplicar o artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, onde se establece que a entidade local **debe remitir o informe** á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou **ao órgano***



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

**competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira no prazo de 15 días**, contados dende o coñecemento deste informe polo Pleno, debendo aprobarse polo Pleno un Plan Económico-financeiro de reequilibrio a un prazo máximo dun ano (art. 21 LOEPSF) co contido e na forma que establecen os artigos 19 a 21 do citado regulamento, no prazo máximo de tres meses. Dito plan obterase como consolidación dos plans individuais das entidades que se inclúen no análise.

Aprobación e publicación (artigo 23.4 da LOEPSF) (artigos 21, 22, 24 e 26 do REGULAMENTO):

~~O plan económico-financeiro, no seu caso, debe ser elevado ao Pleno no prazo máximo dun mes dende que se poña de manifesto o desequilibrio, e no caso das Entidades Locais non incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 TRLRHL, o plan non requirirá ningunha aprobación adicional, debendo ser comunicado ao órgano competente da tutela da Comunidade Autónoma.~~

O Pleno dispón de dous meses dende a presentación do plan para a súa aprobación.

As responsabilidades por incumprimento desta obrigo detállanse no artigo 25 LOEPSF.

Neste senso, informar que no informe de Intervención emitido en relación á Liquidación do Orzamento do ano 2015 manifestábase o seguinte: "Á vista do informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, despréndese que a liquidación do orzamento non cumpre o obxectivo de regra de gasto en 73.868,69 euros, polo que se deberá elaborar un plan económico-financeiro, de acordo co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cuxa vixencia se estenderá durante o ano en curso e o seguinte".

A este respecto, existe un Plan Económico Financeiro para o exercicio 2016-2017 aprobado pola Xunta de Goberno en data 08 de xullo de 2016, previa á aprobación polo Pleno da Corporación en data 07/07/16. Esta aprobación realizouse en virtude da Disposición Adicional 16 da Lei 7/85, ao estar vixente a mesma por non constar a publicación da Sentenza do Tribunal Constitucional do 9 de xuño de 2016 (BOE 15/07/16). Sentenza 111/2016.

É canto se ten a ben informar. Non obstante, esa autoridade, co seu superior criterio resolverá o máis conveniente para os intereses municipais."

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

**b. Dar conta das Resolucións da Alcaldía, Tomos VI,VII e VIII 2016.**

**Resolucións Alcaldía Tomo VI - 2016**

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2016 dende o:

773/6 do 01 de xuño de 2016, Resolución relativa a Imposición multa coercitiva en Execución forzosa Orde de demolición a José Míguez Diz de Obras en Ameixeira – Gondomar. Exp. 91/01.

774/6 do 01 de xuño de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para celebración de verbena. Exp. 12096.

775/6 do 01 de xuño de 2016, Resolución relativa a Solicitude de Subvención á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas.

776/6 do 01 de xuño de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación a Modesto López Díaz.

777/6 do 01 de xuño de 2016, Resolución relativa a Trámite de Audiencia previo á resolución do expediente Reposición da legalidade incoado a Domingo González Alonso pola realización de obras e desenvolvemento de actividade sen licenza nin comunicación previa en Pegonegro – Víncios.

778/6 do 01 de xuño de 2016, Resolución relativa a Declaración de ineficacia da comunicación previa de cambio de titularidade de actividade de hostel e cafetería – restaurante presentada po José Mariano García Misa.

779/6 do 02 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 76.

780/6 do 02 de xuño de 2016, Resolución relativa a Incoación de Procedemento de Reposición da legalidade a Nieves Padín Cabaleiro pola realización de obras de aumento de volume sen licenza nin comunicación previa en Vilares – Vilaza.

781/6 do 02 de xuño de 2016, Resolución relativa a Resolución do Procedemento de Reposición da legalidade incoado a María Pilar Fontán de Castro pola realización de obras de ampliación de alpendre sen licenza, pola realización de obras de edificación sen axustarse á licenza e polo desenvolvemento de actividade de Café – Bar sen axustarse á licenza, en Cruceiro 2 – Borreiros.

782/6 do 02 de xuño de 2016, Resolución relativa a Incoación de Procedemento de Reposición da legalidade a Nieves Padín Cabaleiro pola realización de obras de edificación de tres galpóns sen licenza nin comunicación previa en Vilarés – Vilaza.

783/6 do 02 de xuño de 2016, Resolución relativa a Incoación de Procedemento de Reposición da legalidade a Víctor Novoa Domínguez pola realización de obras de alpendres, escavación e de rampla de acceso en Lago – Morgadáns.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

784/6 do 02 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Incoación de Procedemento de Reposición da legalidade a Sofía González Lorenzo pola realización de obras de edificación residencial sen licenza en Fonte 33 – Peitieiros.*

785/6 do 02 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Declaración de Ineficacia de Comunicación Previa. Exp. 11921.*

786/6 do 02 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Requirimento de emenda da documentación a presentar para solicitude de licenza urbanística. Exp. 11936.*

787/6 do 03 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Listaxe de admitidos e excluídos, designación do tribunal cualificador e fixación da data do primeiro exercicio do procedemento selectivo para a configuración dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de Técnico de Administración Xeral.*

788/6 do 03 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Procedemento de investigación dun tramo do "camiño 77" en Portavedra, Mañufe, Gondomar.*

~~789/6 do 03 de xuño de 2016, Resolución relativa a Autorización de ocupación de dominio público e toma de razón da comunicación previa de obras para reparación de fachada (SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp. 11932.~~

790/6 do 03 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Aprobación do gasto para a cobertura de necesidades básicas: axuda económica para adquisición de alimentos – emerxencia social por importe de 854,70 euros, sendo o beneficiario Alimentación Bar Salón.*

791/6 do 03 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Solicitude para a Tirada de fogos artificiais nas festas que se celebrarán os días 11 e 13 de xuño de 2016, na honra de San Antonio, no barrio de Pedra da parroquia de Morgadáns do Concello de Gondomar.*

792/6 do 03 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Solicitude para a Tirada de fogos artificiais nas festas que se celebrarán os días 25 e 26 de xuño de 2016, na honra da Virxe da Merced, no barrio de Pintor da parroquia de Chaín do Concello de Gondomar.*

793/6 do 06 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Medalla de Oro S.L. por abandono de vehículo en vía pública.*

794/6 do 06 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Requirimento de emenda da documentación a presentar para solicitude de licenza urbanística. Exp. 11036.*

795/6 do 06 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para apertura de furancho en Pintor, 20 A, Chaín, Gondomar. Exp. 11100.*

796/6 do 06 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Resolución do expediente por non ter emendada a comunicación previa de obra. Exp. 11829.*

797/6 do 06 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Requirimento de emenda da documentación a presentar para solicitude de licenza urbanística. Exp. 11847.*

798/6 do 06 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Requirimento de emenda da documentación a presentar para solicitude de licenza urbanística. Exp. 11962.*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevédeira)

799/6 do 06 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación e Orde de pago do documento xustificativo de gasto establecido na relación nº 96.

800/6 do 07 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 80. Recoñecemento Extraxudicial de Crédito núm. 2/2016.

801/6 do 07 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 81.

802/6 do 07 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 82.

803/6 do 07 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 83.

804/6 do 07 de xuño de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación a Portiño Promoción de Vivendas S.L. para outorgamento de licenza de primeira ocupación. Exp. 10789.

805/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 17/2016.

806/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 84.

807/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 85.

808/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 86.

809/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Incoación Expediente Sancionador a Rosa María Martínez Rodríguez polo mal estado duns cans en Prado 47 – Morgadáns. Expte. 68/16.

810/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Incoación Expediente Sancionador a Plácido Salgueiro Méndez por abandono de vehículo na vía pública. Expte. 92S/16.

811/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Incoación Expediente Sancionador a Gregorio Salgueiro Alonso por abandono de vehículo na vía pública. Expte. 93S/16.

812/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Incoación Expediente Sancionador a Hipólito Rivas González por abandono de vehículo na vía pública. Expte. 94S/16.

813/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de Secretaria Accidental: Elena Ares Salgado.

814/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de parcelamento. Exp. 12008.

815/6 do 08 de xuño de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de parcelamento de finca. Exp. 12041.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

816/6 do 09 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Requirimento de emenda da documentación a presentar para solicitude de cédula urbanfstica. Exp. RX/2658/16.*

817/6 do 09 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Novo requirimento a José Antonio Obeso Oliveira para o cumprimento da orde de demolición de edificación en ruína sita e Avda. do Conde. Expte. 11181.*

818/6 do 09 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Toma da razón da comunicación previa de obras de recuperación de cuberta en edificación destinada a estación de servizo (SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp.11801.*

819/6 do 09 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 87.*

820/6 do 09 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 88.*

~~821/6 do 09 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 89.~~

822/6 do 09 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 90.*

823/6 do 09 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Requirimento de documentación en procedemento de comunicación previa de actividade de Taller de construción de maquinaria en Os Remedios – Couso. Exp. 11763.*

824/6 do 09 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Autorización Municipal para a instalación de unha fogueira de San Xoán e sardiñada os días 23 e 24 de xuño, na parroquia de Couso, no aparcadoiro da Capela de Os Remedios – Couso.*

825/6 do 10 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Solicitude de prórroga para construción de vivenda unifamiliar en Carrasquedo de Abaixo, Vilaza. Exp. 11160.*

826/6 do 10 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para reparación de cuberta, cambio de material ( SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp.11940.*

827/6 do 10 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Corrección de erros da Resolución de Alcaldía pola que se aproba a listaxe de admitidos e excluídos, designación do tribunal cualificador e fixación da data do primeiro exercicio do procedemento selectivo, para a configuración dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de Técnico de Administración Xeral.*

828/6 do 10 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 91.*

829/6 do 10 de xuño de 2016, *Resolución relativa a Rectificación do erro material advertido no Decreto de Alcaldía de data 11.05.2016 relativo a delegacións xenéricas e especiais de áreas de Goberno Local, no que respecta á Delegación efectuada na Concelleira Nuria Lameiro Salgueiro, en concreto, nos seus apelidos.*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

830/6 do 13 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 92.

831/6 do 13 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación nº 97 e orde de pago.

832/6 do 13 de xuño de 2016, Resolución relativa a Orde do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relativa ás medidas de seguridade da Estación de Servizo de Víncios. Expte. Execución sentenza estación servizo.

833/6 do 13 de xuño de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación. Exp. RX 168/12.

834/6 do 13 de xuño de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación. Exp. RX 1514/13.

835/6 do 13 de xuño de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación. Exp. RX 7681/14 - R.B. 08/2014.

836/6 do 14 de xuño de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 18/2016.

837/6 do 14 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto para a cobertura de necesidades básicas: axuda económica para adquisición de alimentos do mes de xuño por importe de 354 euros, sendo o perceptor Distribuciones Froiz S.A.

838/6 do 14 de xuño de 2016, Resolución relativa a Orde de paralización de obras e nova imposición multa en execución forzosa orde de demolición a José Manuel Araújo Castro. Expte. 50/98.

839/6 do 14 de xuño de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa para pintado e decoración interior (SOLO URBANO CONSOLIDADO).Exp. 11951.

840/6 do 14 de xuño de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de presentación de declaración responsable para apertura de furancho. Exp. 12106.

841/9 do 14 de xuño de 2016, Resolución relativa a Relación de nóminas de paga extra de xuño dos empregados públicos.

842/6 do 14 de xuño de 2016, Resolución relativa a Solicitud de César López Santiago de copia do exame teórico do procedemento selectivo para a contratación de 3 Auxiliares de Policía Local para a tempada de verán.

843/6 do 14 de xuño de 2016, Resolución relativa a Resolución de procedemento sancionador polo desenvolvemento de actividade sen axustarse a licenza. Expte. 161/15.

844/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 93.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

845/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 94.

846/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Modificación de Créditos nº 07/2016 na modalidade de Xeración de Créditos.

847/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto para a cobertura de necesidades básicas: axuda económica para pago de gastos de factura de dentista – emerxencia social, por importe de 485 euros, sendo a beneficiaria Noelia Peláez Lorenzo.

848/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto para a cobertura de necesidades básicas: axuda económica para pago de gastos de factura de centro de ocio, e taxi para asistencia e transporte ao centro de nenos/as en situación de risco con situación familiar complicada – emerxencia social, por importe de 3.904 euros, sendo os perceptores Centro de Ocio Colorincho e Delia Cabreira Fernández.

849/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Recurso de reposición de Pablo Borrajo Sequeiros contra liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola ~~declaración de incursión na situación legal de fâra de ordenación en Cruceiro, Donas, Gondomar. Exp. 11243.~~

850/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Solicitud de prórroga. Exp. 12033.

851/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obra. Exp.12090.

852/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Autorización Municipal para Instalación de unha fogueira de San Xoan e sardiñada en Borreiros. Solicitante: María Concepción Vázquez Barreiro

853/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Autorización Municipal para Instalación de unha fogueira de San Xoán en Víncios, Barrio de Brandufe nº 36. Solicitante: Blanca Figueroa Riveiro.

854/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Autorización Municipal para Instalación de unha fogueira de San Xoán en Villaza Barrio de Areíña nº 16-B Solicitante: Antonio Perles Fontao..

855/6 do 15 de xuño de 2016, Resolución relativa a Autorización Municipal para a Instalación de unha fogueira de San Xoán en Chaín – Mourisca nº 7. Solicitante: Miguel Joaquín Ramos Bravo.

856/6 do 16 de xuño de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001296. 21.03.2016.  
Suxeito pasivo: Andrés Cacheda Chouza.

857/6 do 16 de xuño de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001908. 29.04.2016.  
Suxeito pasivo: David González Guedella.

858/6 do 16 de xuño de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001908. 29.04.2016.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Suxeito pasivo: Pablo González Guedella.

859/6 do 16 de xuño de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001908. 29.04.2016.

Suxeito pasivo: David González Guedella.

860/6 do 16 de xuño de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001908. 29.04.2016.

